

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 10 de outubro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro detectado no acordo número 6/161 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión do día 11 de marzo de 2009, polo que se concedeu a licenza de obra número 291/10 para a construción de edificio na rúa San Eufrasio, números 104-106-108, así como declaración de caducidade do expediente de prórroga da mesma licenza.

Tamén se acorda a concesión da licenza para a ampliación de dúas plantas para dúas vivendas no edificio de planta baixa con licenza número 72/01, e legalización de entresollado, quedando o edificio composto de planta baixa para garaxes e rochos, entresollado para local da comunidade e dúas plantas altas para dúas vivendas, sito na rúa Rei Chiquito, número 75.

Así mesmo, acórdase a concesión de licenza de obras en solo urbano para instalación de ascensor no edificio sito na rúa da Unidade, número 8.

Do mesmo xeito, acórdase a concesión de licenza de obras para o reforzo estrutural do muro de contención de terras no edificio con licenza número 267/1992, sito na ronda da República Argentina, número 10.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo número 6/377, do 27 de xullo de 2012, de modificación

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg43.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-10-2012

da relación de postos de traballo e das condicións laborais dos empregados da Banda municipal.

Lugo, 17 de outubro de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García